

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que modifica a Resolución do 21 de marzo de 2023 pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia de relixión católica, no nivel de educación secundaria obrigatoria e bacharelato (702400), nos centros docentes públicos que dependen desta consellería. (código de procedemento ED003A).

Mediante Resolución do 20 de febreiro de 2023, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia de relixión católica, no nivel de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, nos centros docente públicos que dependen desta consellería (702400)-(código de procedemento ED003A).

Posteriormente por Resolución do 21 de marzo de 2023 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia de relixión católica, no nivel de educación secundaria obrigatoria e bacharelato (702400), nos centros docentes públicos que dependen desta consellería. (código de procedemento ED003A) publicado con esa data no portal educativo.

Advertido un erro material á hora de revisar o cumprimento dos requisitos exixidos das persoas aspirantes nesta convocatoria de elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia **de relixión católica, no nivel de educación secundaria obrigatoria e bacharelato (702400)**, cómpre corrixir a relación provisional de persoas admitidas e excluídas así como do baremo provisional.

En consecuencia e, de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a modificación da Resolución do 21 de marzo de 2023 e facela facer pública no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades www.edu.xunta.gal nos termos que se sinalan no seguinte apartado.

Segundo.- Aprobar e facer pública, no portal educativo, unha nova relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia **de relixión católica, no nivel de educación secundaria obrigatoria e bacharelato (702400)**.

Terceiro. Conceder un novo prazo de reclamacións de tres (3) días hábiles, de acordo co disposto na base sétima da convocatoria, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no portal de Internet da consellería no que as persoas interesadas presentarán obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo normalizado do procedemento ED003A, opción "Alegacións", accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED003A&ano=2020&numpub=1&lang=gl>)

Non se admitirán as alegacións que non sexan presentadas a través do procedemento indicado no parágrafo anterior.



Cuarto.- A estimación ou desestimación das alegacións presentadas entenderase implícita nunha nova resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos que será publicada no portal www.edu.xunta.gal, pola que se aprobarán as listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas consonte co disposto na base oitava da convocatoria.

Quinto - Para o caso de que xurda a necesidade de cubrir interinidades ou substitucións con anterioridade á aprobación e publicación das listas definitivas, seguirase a orde de chamamentos establecida na lista provisional de conformidade coa base sétima da convocatoria.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela
O director xeral de Centros e Recursos Humanos
Jesús Manuel Álvarez Bértolo

